



Concello de Campo Lameiro

NORMAS PARA A CELEBRACIÓN DE FOGUEIRAS DE CARÁCTER PARTICULAR:

A realización de fogueiras a instancia de particulares deberase axustar aos seguintes condicionantes, DE OBRIGADO CUMPRIMENTO:

1ª.- Presentación de solicitudes ata as catorce (14:00) horas do 20 de xuño de 2023, a través da sede electrónica do Concello, ou no Rexistro Xeral do Concello, previa cita no teléfono 986752034, do modelo da comunicación de celebración da fogueira, dispoñible na páxina Web do Concello de Campo Lameiro, facendo constar os seguintes datos da persoa que organiza o acto e que se fai responsable deste:

- Nome e apelidos e mais documento nacional de identidade da persoa solicitante.
- Situación exacta do predio particular, con número (número do predio, vivenda, etc.), punto quilométrico e **referencia catastral**.
- Compromiso de dispor no evento dun teléfono móbil en funcionamento, con indicación na comunicación do seu número.
- Coa documentación achegárase copia do DNI das demais persoas responsables.

2º.- As fogueiras terán que distar un mínimo de 20 metros ás edificacións e árbores. O diámetro **máximo** de zona de combustión da fogueira será de 4 metros de ancho cunha **altura máxima** de 3 metros.

As persoas asistentes á fogueira non poderán concentrarse a unha distancia inferior á do ancho da fogueira respecto do perímetro exterior.

Dependendo da magnitude do lume disporase por parte dos/as responsables dun medio de extinción suficiente (auga, terra, area, etc.).

Previamente ao seu inicio, farase unha devasa mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos cinco metros de largo, rodeando o perímetro que se vai queimar.

3º.- Os materiais a empregar na combustión poden ser: leña, pólas, toros de árbores e vellos materiais de madeira de calquera clase.

Prohíbense calquera outro tipo de material, especialmente: os **pneumáticos, plásticos, latas, botellas, materiais con PVC en xeral e similares, así como botar aerosois, aceites ou líquidos combustibles e/ou calquera substancia explosiva** ou que ó arder desprenda fume tóxico. Lémbrese que un bote de aerosol, aínda baleiro, pode orixinar unha explosión de grande importancia.

4º.- No día da realización da fogueira deberase consultar o **nivel IRDI** na web da XUNTA.

Acceso para consultar os riscos: <https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/defensa-monte/irdi>

5º.- **Non se poderá realizar** fogueira no caso de que o risco existente para a data



Concello de Campo Lameiro

solicitada sexa “moi alto” ou “extremo”.

6º.- A fogueira deberá queimarse nun lugar despexado no que nin as laparadas nin as chispas poidan alcanzar as árbores, debendo gardarse un perímetro libre de combustibles (árbores, matorrais, vexetación) de 20 metros - **desbrozando se fose necesario esta zona** – así como a edificios.

7º.- Non se poden realizar fogueiras baixo tendidos eléctricos, telefónicos, etc., debendo manterse a mínima distancia ás instalacións aéreas de 20 m. (medida dende a vertical do borde da luminaria).

8º. Non se poden realizar fogueiras no entorno de ningún local ou depósito onde se almacenen produtos inflamables nin en xeral preto de calquera infraestrutura ou elemento público ou privado que poida verse afectado negativamente polas consecuencias da fogueira.

9º. Non poderá iniciarse ningunha fogueira cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente o vento. Así mesmo, se iniciados a mesma se producise a aparición de vento que poidan dificultar a vixilancia e extinción da fogueira, esta deberá apagarse de inmediato.

10º. Disporase dun pequeno botiquín de primeiros auxilios especialmente equipado para queimaduras.

11º. Disporase de mangueras, extintores ou, polo menos, auga suficiente en proporción ao tamaño da fogueira que permita a extinción da fogueira en caso de risco para asistentes e bens.

12º. A fogueira permanecerá vixiada polo/a solicitante ata a súa **total extinción**. Non se abandonará a vixilancia da zona, ata que transcorresen dúas horas garantíndose que non se observen lapas ou brasas.

Deberase contar co persoal e co material suficiente para o debido control e extinción da fogueira en caso de risco. Dado o elevado risco para a seguridade e saúde do persoal, en ningún caso se poderán realizar individualmente, mesmo no caso de que as dimensións sexan pequenas e en principio se considere que o risco é mínimo.

11º. A responsabilidade recaerá no/a promotor/a respecto dos danos e desperfectos causados na súa propiedade, fincas, lindeiros e outros efectos.

O/A promotor/a faise responsable que, unha vez finalizada a festa queden apagadas totalmente as cinzas.

A autorización non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos e perdas a que houbera lugar no caso de producirse un incendio forestal polo uso do lume cando concorra negligencia ou imprudencia.

Esta responsabilidade esixirase exclusivamente o/a os/as solicitante/s.



Concello de Campo Lameiro

12º. O/A solicitante deberá proceder á limpeza total da zona afectada unha vez rematada a actividade autorizada, deixando libre de todo resto a zona.

13º.- A/s persoa/s solicitante/s faise/n responsables das consecuencias derivadas da inobservancia das presentes condicións de autorización, respondendo das mesmas ante quen proceda.